

MEMORIA DE ANTECEDENTES, RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E OBXECTIVOS PERSEGUIDOS COA SINATURA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (en adiante ISSGA), expresa que o instituto se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, dotado de personalidade xurídica propia e autonomía funcional, adscrito organicamente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade de persoal traballador, homes e mulleres, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade, o preámbulo da devandita Lei 14/2007 outórgalle o papel de auténtica plataforma de actuación e órgano estable entre a Administración autonómica e os axentes sociais para avanzar na redución e a eliminación na orixe dos riscos inherentes ao traballo.

Son funcións do ISSGA, entre outras, as relativas á formación e ao desenvolvemento de accións informativas en relación coa seguridade e saúde laboral, así como colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras institucións e entidades tanto públicas como privadas a través de mecanismos regrados, de xeito que as ditas colaboracións queden rexistradas e delimitadas. Polo tanto o ISSGA propiciará as colaboracións que poidan redundar tanto na mellora das condicións de seguridade e saúde laboral como na redución dos riscos laborais ou na promoción da investigación de novos métodos e técnicas de seguridade de traballo en Galicia, así como na adquisición do coñecemento preciso para lograr a devandita mellora, coa implicación de terceiros para mellorar o estado da prevención de riscos no seu ámbito.

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades. Está formada polos campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.

A nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, introducida por esixencias do proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior, a Lei orgánica 2/2023, do 22 de



marzo, do Sistema universitario, pon unha especial énfase na realización de prácticas externas polo estudiantado universitario, prevendo que os plans de estudos de mestrado universitario conterán toda a formación teórica e práctica que aquel deba adquirir, entre a que se mencionan as prácticas externas.

Neste mesmo senso, o Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, recoñece o dereito do estudiantado de mestrado a dispoñer da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extra-curriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas o servizos da universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo sirvan á finalidade formativa das prácticas. Con maior detalle no seu artigo 24 regúlanse as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais, así como a extensión da súa realización a todos e todas os/as estudantes matriculados/as en calquera ensinanza impartida polas universidades e os centros adscritos a estas

O carácter formativo das prácticas ten por obxectivo permitir que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

Por Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, vense a regular as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios/as e en tal senso establece o marco regulador da incorporación do estudiantado en prácticas no ámbito das administracións públicas e privadas. Esta norma sinala que para a realización das prácticas externas, as universidades subscribirán convenios de cooperación educativa coas entidades colaboradoras na realización das prácticas.

Entre as titulacións oficiais de mestrado da Universidade de Vigo ofértase o Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais, que ten entre os seus obxectivos adquirir o coñecemento teórico e práctico da prevención de riscos laborais nas especialidades de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada.

O ISSGA ten interese en colaborar no sistema de formación do alumnado do Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo dado que ambas as dúas entidades consideran preciso un maior acercamento entre o ámbito profesional e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas.



No marco competencial antes referido e á vista dos antecedentes expostos, o ISSGA e a Universidade de Vigo consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións a sinatura dun convenio de cooperación educativa co obxecto de articular a colaboración das dúas entidades na realización de prácticas académicas externas do alumnado do Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais, para facilitar a súa preparación para o exercicio profesional en áreas operativas do instituto relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais dende os estudos cursados na universidade

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, na súa falta polas normas de dereito privado.

Corresponde á xurisdición contencioso-administrativa as cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación, modificación, extinción e efectos que puidesen derivarse da súa execución. As actividades que se desenvolvan non terán carácter contractual.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade deste convenio.

As partes comprométense a cumprir co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que supón a adaptación da normativa española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e de libre circulación.

Así mesmo, a inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerase polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de "medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións" e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En relación coas obrigas recollidas ao abeiro da devandita disposición adicional, o estudantado en prácticas incluírase no sistema de seguridade social nos termos establecidos na disposición



adicional quincuaxésima segunda do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo .

En relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social, ao tratarse de das prácticas curriculares de mestrado non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral da Universidade de Vigo.

Desde o punto de vista económico, a firma deste convenio non implica, por parte do Issga, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos de vixencia deste convenio.

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e terá unha duración de catro anos. Así mesmo, poderá ser obxecto de prórroga, por anos naturais, tendo en conta os límites temporais previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa por algunha das partes, que deberá comunícala cunha antelación mínima dun mes. Non obstante, a prórroga será preciso formalizala expresamente.

As persoas asinantes deste convenio, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen e ademais do resto de especificidades nel contidas poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo con o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas firmas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

A xerente do ISSGA

Adela Quinzá-Torroja García

